



RECOMENDACIÓNS PARA A ASISTENCIA PEDIÁTRICA NOS CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA EN RELACIÓN CO VIRUS SRAS-CoV-2 (COVID-19)

Versión 24/03/2020

Neste documento recóllense unhas medidas transitorias para reforzar a seguridade dos pacientes pediátricos que acuden a un centro de atención primaria, así como para protexer aos profesionais sanitarios, pola especial situación que teñen, xa que son a base do sistema que asegura a atención sanitaria á poboación e, ao tempo, poden estar máis expostos ao virus por dita atención.

-Evitarase toda atención sanitaria que non sexa estritamente necesaria, para tratar de diminuír as concentracións de persoas nas salas de espera e tamén nos medios de transporte público.

-Potenciarase a consulta telefónica, co fin de evitar que os pacientes cuxa atención se poida resolver mediante esta modalidade de atención, acudan aos centros sanitarios.

-Promoverase que os profesionais revisen as axendas de xeito proactivo con anterioridade á data da cita, para identificar aos pacientes cuxa atención se poida resolver mediante unha modalidade de atención non presencial (consulta telefónica, teleseguimento). Na mesma liña, nos casos nos que se identifique que a cita pode ser adiada, contactarase coa familia para propoñerllo e reprogramarse a súa atención.



-A citación de pacientes axustarase a unha cadencia que minimize aglomeracións.

-O paciente pediátrico que acuda a un centro sanitario só poderá ter un acompañante durante a estancia no centro. Recoméndase, que na medida do posible, este acompañante sexa menor de 70 anos, co obxecto de protexer o sector de poboación que se considera máis vulnerable.

-De ser posible, establecerase un circuíto de fluxo de pacientes diferenciado para a poboación pediátrica.

-Tentarase que nos centros de atención primaria, exista unha sala de espera diferenciada para poboación pediátrica. Nos casos nos que non sexa posible, tentarase poñer algunha barreira física de separación entre poboación pediátrica e adulta.

-Nos espazos de espera pediátricos non haberá materiais como xoguetes, libros... que os nenos poidan compartir.

-Sería unha medida a considerar, que os pacientes clinicamente estables poidan optar por esperar no vehículo persoal, ou fóra do centro, onde serán contactados por teléfono móbil cando sexa o momento da súa consulta.

-Os pacientes pediátricos que acudan aos centros de atención primaria con síntomas de infección respiratoria aguda, manteranse afastados polo menos dous metros do resto de pacientes, e deben recibir e poñerse unha máscara (sempre que sexa posible en función da súa idade). O uso destas máscaras non está recomendado nos nenos menores dun ano, polo que estes deberán manterse nos seus carros ou no seu defecto en brazos dos coidadores.

-En caso de nenos con síntomas de sospeita de COVID-19 ou outra infección respiratoria, seus acompañantes deberán usar máscara.



-Os acompañantes deberán realizar -e axudar aos nenos a realizar- unha adecuada hixiene de mans.

-En canto ao *Programa de saúde infantil* realizaranse os controis de saúde ata os 12 meses de idade, demorando, de ser posible, os controis en nenos de máis idade. No que respecta ao *Calendario de vacinación infantil*, seguiranse as indicacións da Dirección Xeral de Saúde Pública, que se presentan no último punto deste documento.

-As citas dos controis de saúde dos recentemente nados programaranse, a ser posible, a primeira hora da mañá.

-En relación co *Calendario de vacinación infantil* a Dirección Xeral de Saúde Pública recomenda ([Ligazón](#)):

- manter a vacinación infantil especialmente nos 15 primeiros meses e sempre garantir as vacinas que corresponde administrar aos **2 meses** (hexavalente + pneumocócica conxugada) e **4 meses** (hexavalente + pneumocócica conxugada + meningocócica C).
- manter na medida do posible a vacinación en grupos de moi alto risco, plantexando cando sexa posible a vacinación no seu domicilio.
- Así mesmo, recomenda reservar as doses de HB infantil para nenos de alto risco (fillos de nai portadora ou daquelas ás que non se puido realizar a seroloxía).
- En canto as autoridades sanitarias aconsellen recuperar a situación normal, as vacinacións reanudaranse, retomando o calendario que quedou interrompido e facendo os axustes necesarios para adaptalo á normalidade no menor tempo posible.